



ANEXO I

PROBA DE ACREDITACIÓN DO COÑECEMENTO DO GALEGO

Conforme o disposto na base sétima da presente convocatoria, o coñecemento do idioma galego acreditarase mediante o título Celga 4, curso de perfeccionamento da lingua galega ou equivalente debidamente homologado polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia. No caso de que algún dos candidatos non poida acreditarlo mediante o anterior título, deberá superar unha proba de nivel da lingua galega.

Esta proba consistirá na resolución dun cuestionario de 30 preguntas tipo test con catro respostas alternativas das cales so unha será a correcta, que será o resultante do sorteo entre dous cuestionarios previamente elaborados pola Comisión de Selección. A efectos da puntuación teranse en conta as seguintes normas:

- por cada dúas respostas incorrectas descontarase unha correcta;
- as respostas en branco non puntúan;
- as dobres respostas e as que non estean claras se considerarán incorrectas.

A proba á que se refiren estas bases será cualificada como apta ou non apta sendo necesario obter un mínimo de 20 respostas para obter a cualificación de aptitude. No caso de ser non apta o candidato/a quedará excluído/a.

O finaliza-lo exercicio cada aspirante poderá obter copia das respostas do seu cuestionario e no prazo das vinte e catro horas seguintes á realización da proba, se farán públicas as respostas correctas do cuestionario, no lugar de realización da proba, no taboleiro de anuncios do Ingacal e na páxina web do Ingacal.

A Comisión de Selección concederá un prazo de dous (2) días dende a publicación das respostas correctas do cuestionario para a formulación de reclamacións por parte dos aspirantes. Transcorrido o anterior prazo de reclamacións, a Comisión de Selección publicará ao día seguinte o resultado definitivo, e continuará co proceso selectivo.



ANEXO II

SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN NA CONVOCATORIA PARA A CONTRATACIÓN DUN/HA TITULADO/A SUPERIOR, DOUTOR/A ESPECIALISTA EN INVESTIGACIÓN DA EROSIÓN POST-INCENDIO E A RESTAURACIÓN DE ÁREAS FORESTAIS QUEIMADAS PARA PARTICIPAR NO DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO DENOMINADO "PLANS DE XESTIÓN DE RISCOS TRANSNACIONAIS PARA OS ESPACIOS RURAIS FORESTAIS SENSIBLES AOS RISCOS BIÓTICOS E ABIÓTICOS-PLURIFOR-SOE1/P4/F0112".

Apelidos:.....

Nome:..... NIF:.....

Enderezo:.....

Localidade:..... Provincia:.....

Código Postal:..... Teléfono:..... E-mail:.....

Data de nacemento:..... Nacionalidade:.....

Nº de afiliación á Seguridade social:.....

Titulación

De conformidade co establecido na Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, o interesado presta o seu consentimento expreso e inequívoco á incorporación dos seus datos aos ficheiros existentes no Ingacal e ao tratamento dos mesmos.

DOCUMENTACIÓN QUE ACHEGO

- Copia cotexada do D.N.I
- Currículo
- Copia cotexada do título Celga 4 ou equivalente
- Copia cotexada da titulación de licenciatura
- Copia cotexada da titulación de doutor
- Copia cotexada de masters e cursos de formación e especialización.
- Carné de conducir (categoría B)
- Certificado de Vida Laboral expedido pola Seguridade Social
- Copia cotexada dos contratos ou certificados acreditativos da condición de bolseiro/a
- Copia cotexada dos contratos de traballo
- Copia cotexada dos certificados de participación como investigador en proxectos de I+D+i
- Copia cotexada dos certificados de participación como participante en proxectos de I+D+i
- Copia cotexada dos certificados de coñecemento do idioma inglés
- Copia cotexada das publicacións e documentos acreditativos da presentación de comunicacións orais

Fago constar que a presente documentación consta de _____ folios, numerados correlativamente do 1 ao _____

Lugar e data:

Sinatura

Asdo:.....

DIRECCIÓN DO INSTITUTO GALEGO DA CALIDADE ALIMENTARIA



ANEXO III

MATERIAS SOBRE AS QUE VERSARÁ A ENTREVISTA NA CONTRATACIÓN DUN/HA TITULADO/A SUPERIOR, DOUTOR/A EN CIENCIAS BIOLÓXICAS ESPECIALISTA EN INVESTIGACIÓN SOBRE RISCO DE EROSIÓN POST-INCENDIO, USO DE MODELOS DE PREDICIÓN DE EROSIÓN POST-INCENDIO E RECUPERACIÓN DE ÁREAS FORESTAIS QUEIMADAS NO MARCO DO PROXECTO “PLANES DE GESTIÓN DE RIESGOS TRANSNACIONALES PARA LOS ESPACIOS RURALES FORESTALES SENSIBLES A LOS RIESGOS BIÓTICOS Y ABIÓTICOS-PLURIFOR-SOE1/P4/F0112”.

- 1.- Avaliación do risco de erosión post-incendio.
- 2.- Vantaxes e limitación dos modelos de predición da erosión post-incendio.
- 3.- Técnicas de estabilización dos solos afectados por incendio.
- 4.- Aproveitamentos forestais post-incendio e conservación do solo.